



## Día de Rosalía: 24 de febreiro, Rosalía é mundial!



As **Bibliotecas Municipais de Oleiros** celebramos o **24 de febreiro, Día de Rosalía**. A proposta da **Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)** coalloou entre asociacións culturais, veciñais, institucións, centros de ensinanza, bibliotecas, etc. e o 24 de febreiro está recollido oficialmente como Día de Rosalía de Castro pola **Consellería de Cultura e Educación** no seu Calendario do Libro e da Lectura.

Na **Biblioteca Central Rialeda** ofrecemos a exposición bibliográfica dunha escolma da obra rosaliana dos nosos fondos. Durante a tarde deste 24 de febreiro agasallaremos cunha obra de poesía para adultos-as a aquelas persoas (adultos-as) que leven algún libro en préstamo.

Recomendamos a visita ao web da **Fundación Rosalía de Castro** de onde tomamos prestado o poema "Adiós ríos, adiós fontes", traducido a varios idiomas así como animamos a participar na proposta **#euRosalía**. Na **Biblioteca Central Rialeda** xa o fixemos:

agradecemos a colaboración do contacontos **Pablísimo** para o foto que publicamos en **@bibloleiros**

**Rosalía é Mundial!**

---

Publicado por Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais do Concello de Oleiros en 14:48

Etiquetas: Biblioteca Central Rialeda, Día de Rosalía, Exposicións bibliográficas, Homenaxes e Conmemoracións